

## **EDICTO**

Sendo aprobada de xeito definitivo a ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar e dos prezos públicos pola prestación do servizo, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase como anexo o texto íntegro da mesma, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita lei.

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR E DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **TÍTULO I**

##### **DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

###### **ARTIGO 1.- OBXECTO E FUNDAMENTO**

*Este Concello establece e regula o Servizo de Axuda no Fogar en virtude do establecido na Lei galega de servizos sociais de 1993, do 14 de abril, no Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, e na Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG do 22 de agosto de 1996, nº 163).*

###### **ARTIGO 2.- DEFINICIÓN**

*O programa de Axuda no Fogar trata de prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora aos cidadáns e ás cidadás no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando así o seu internamento.*

###### **ARTIGO 3.- FINALIDADE E OBXECTIVOS**

*A finalidade do servizo é mellorar a calidade de vida das persoas que viven nos seus domicilios e requiran asistencia.*

*O servizo debe unir o esforzo do/a propio/a usuario/a, da súa familia, veciños/as e amizades, dos*

*servizos públicos e privados, dos/as voluntarios/as, etc., é dicir, o esforzo da comunidade no seu conxunto, para proporcionar o benestar desexado mantendo o maior grao de autonomía mediante un labor preventivo, asistencial e rehabilitador.*

*Nunca se lle fará á persoa aquilo que poida facer por si mesma, xa que, do contrario, se iría incapacitando, causándolle dependencia en lugar de autonomía.*

*Non se deberá substituír á familia na súa responsabilidade senón que, pola contra, estimularase na atención ao/á usuario/a.*

*Os principios fundamentais que se deben dar na atención son: a individualización, o respecto, a aceptación de toda persoa, e o recoñecemento do dereito inalleable a programar a súa propia vida e a tomar decisións que lle afecten, é dicir, a súa autodeterminación e relación persoal.*

*Este servizo ten coma obxectivos fundamentais:*

- a) Prevención de situacións de crise individual e/ou familiar, prestándolle apoio persoal e social ás persoas que se encontren necesitadas.*
- b) Ofrecer apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social no seu medio habitual de vida.*
- c) Evitar os internamentos non desexados ou innecesarios.*
- d) Reforzar os vínculos do/a usuario/a coa familia, veciños/as e o contorno, ou fomentar uns novos.*
- e) Potenciar a utilización de recursos comunitarios.*
- f) Acoller á familia, concienciación e asimilación do problema.*
- g) Axudar á familia a asumir as súas responsabilidades con respecto á atención dalgún membro que o necesite.*
- h) Facilitar os medios para que os/as usuarios/as poidan mellorar a súa calidade de vida.*
- i) Que a problemática do/a usuario/a sexa atendida tendo en conta as características que presenta, necesidades e medio no que se desenvolve.*

#### **ARTIGO 4.- PRESTACIÓNS**

*A variedade de prestacións que se ofrecen dende o SAF concretaranse nas seguintes atencións:*

*a) Atención de carácter persoal*

*Engloban aquelas tarefas que se dirixen ao/á propio/a usuario/a do servizo cando este/a non poida realízalas por si mesmo/a, ou ben cando deba acudirse ás seguintes necesidades:*

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de manter a hixiene corporal.*
- Axuda para comer.*

- *Supervisión, se procede, da medicación simple prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde.*
- *Apoio á mobilización dentro do fogar. Cambios posturais.*
- *Compañía: para apoiar ao/á beneficiario/a a soportar un proceso máis ou menos longo de inmovilización. Para aliviar á familia que necesita saír da casa e non atopa como resolver o coidado do ancián ou anciá, neno/a, etc., que require vixilancia.*
- *Favorecer actividades de ocio.*
- *Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para conseguir a finalidade deste servizo a proposta do/a técnico/a responsable.*
- *Acompañamento fóra do fogar para a realización de diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos ou análogos.*

*b) Atencións de carácter doméstico*

*Enténdense como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:*

- *Alimentación. Comprenderá, entre outros, os labores de compra e preparación do alimento.*
- *Roupa. Comprenderá as funcións de lavalas, ordenala e outras análogas.*
- *Limpeza e mantemento da vivenda. Reparacións e arranxos, co fin de mellorar as condicións de habitabilidade da vivenda.*

*Para a realización destas actuacións o/a usuario/a deberá dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais poderán xestionar os recursos adecuados para que as ditas atencións poidan ser realizadas.*

*c) Atencións de carácter técnico e complementario*

*Refírense á xestión ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións idóneas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia domiciliaria e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.*

*d) Atencións de carácter psicosocial e educativo*

*Refírense ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade onde se desenvolva a vida do/a usuario/a, así como o apoio á estruturación familiar.*

**ARTIGO 5.- BENEFICIARIOS/AS**

*Serán beneficiarios/as da prestación deste servizo:*

- a) Familias ou persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora*

*cunha adecuada atención domiciliaria.*

- b) Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atendan suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.*
- c) Persoas minusválidas ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.*
- d) Persoas en xeral que pola súa situación de enfermidade ou falta de recursos sociais teñen dificultades para desenvolverse por si mesmas.*
- e) Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.*
- f) En xeral, cando exista unha desatención social ou familiar validada tecnicamente que xustifique a intervención do servizo.*

*Son requisitos xerais que deben reunir as/os beneficiarias/os:*

- a) Estar empadroadada/o e residir no termo municipal.*
- b) Que non reciban axuda doutra institución ou entidade para este fin.*
- c) Que non teñan familiares con obrigas legais de prestar alimento ou existindo estes, que se neguen a cumprir esta obriga, residan fóra do termo municipal, ou estean imposibilitadas/os para facerse cargo das atencións da/o beneficiaria/o tanto a nivel económico como persoal.*
- d) Que non presenten un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesiten máis un internamento asistido e continuado que a axuda no fogar.*
- e) Que reúnan as condicións persoais, sociais, económicas, etc., que figuran nos baremos.*
- f) Que aboem os prezos públicos nos supostos nos que estean obrigadas/os, segundo as normas de xestión que se incorporan no artigo seguinte.*

#### **ARTIGO 6.- TRAMITACIÓN E DOCUMENTACIÓN**

##### **A) Solicitudes**

*O SAF será prestado polo Concello de Rodeiro, ben de oficio ou a instancia particular. A solicitude realizarase en modelo oficial que para tal fin se pode recoller nas oficinas municipais. Calquera veciña/o poderá dar coñecemento aos Servizos Sociais dos supostos de persoas ou familias que coñezan e que, segundo o seu xuízo, necesiten o SAF. Tras a valoración de todas as circunstancias persoais, sociais, económicas e a aceptación da/o posible beneficiaria/o, poderá prestárselle o dito servizo.*

##### **B) Documentación**

*A/O interesada/o, ademais da solicitude, deberá achegar a seguinte documentación:*

- a) DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte.*

- b) *Libro de familia.*
- c) *Cartilla da Seguridade Social / Tarxeta Sanitaria.*
- d) *Informes médicos da/o beneficiaria/o e familiares que necesiten xustificar as súas limitacións (segundo o modelo que se facilitará nas dependencias dos Servizos Sociais).*
- e) *Xustificante de ingresos de toda a unidade de convivencia: copia das declaracións da renda e patrimonio ou certificado(s) negativo(s) e declaración(s) xurada(s), xustificante de pensión(s), prestacións, rendas de traballo, etc. (INEM, INSS, nóminas, etc.), e certificado de xuros bancarios, recibos de contribución, certificación / información dos servizos municipais sobre padróns (IBI, de vehículos, actividades económicas), declaración sobre percepción de alugueiros e outros ingresos complementarios, recibos de pagamento de alugueiro e outros gastos fixos, se é o caso.*
- f) *Certificado de empadramento e convivencia.*
- g) *Calquera outro que se considere necesario para a valoración da solicitude e que teña relación cos aspectos que hai que valorar.*
- h) *Fotocopia do recibo de pagamento do Imposto sobre bens inmobles, tanto urbanos coma rústicos ou de características especiais, dos que sexa titular calquera dos membros da unidade familiar, do último exercicio posto ao cobro.*

C) Procedemento

*As solicitudes formalizaranse por escrito, a través dunha instancia dirixida ao Sr. alcalde-presidente da Corporación Municipal, achegando a documentación sinalada no punto anterior.*

*Unha vez formalizada a solicitude coa documentación correspondente, procederase pola/o representante do SAF á comprobación dos datos achegados e ao estudo destes segundo os baremos correspondentes, e emitirase un informe coa valoración profesional. O expediente xunto co informe e a proposta serán remitidos á Alcaldía ou órgano en quen delegue, quen debe, finalmente, adoptar unha resolución, que lle deberá ser comunicada á/ao interesada/o, especificando a intervención e achega económica se procede, e á/ao técnica/o responsable. As condicións da prestación do servizo formalizarase por escrito mediante contrato entre o Concello e a/o usuaria/o.*

*Así mesmo, prevese a concesión do SAF con carácter urxente. Nesta situación será o alcalde-presidente ou concelleira/o delegada/o quen decida a concesión ou denegación do servizo, dando conta na próxima Xunta de Goberno que se realice.*

*A aparición das causas de modificación, suspensión, extinción ou concesión provisional, estimaranse tras o informe da/o responsable do servizo, polo órgano competente que llo comunicará por escrito á/ao beneficiario e novamente á/ao responsable técnica/o.*

*En caso de saturación do servizo, a solicitude pasará a unha lista de espera accedendo á prestación por orde de puntuación, exceptuando as situacións coa valoración de urxencia. Neste caso, a/o usuaria/o poderá volver a pasar á lista de espera unha vez normalizada a súa situación.*

#### ARTIGO 7.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

- 1) *O Servizo será supervisado coa periodicidade que a/o técnica/o encargada/o xulgue pertinente, facendo un seguimento individual de cada un dos casos atendidos, considerando a necesidade de mantelo, ampliálo ou suprimilo.*
- 2) *Contempla tamén a coordinación e supervisión dos/as auxiliares de axuda no fogar, establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas seguidas polos/as traballadores/as. Estas reunións de carácter técnico e de asesoramento terán, en todo caso, a finalidade de mellorar progresivamente a calidade do servizo.*
- 3) *Os días de atención serán de luns a venres, e quedarán excluídos os festivos e o horario nocturno. Non obstante, e dependendo de cada caso, pódese prestar o servizo fóra do horario sinalado, a causa de posibles necesidades especiais.*
- 4) *O tempo de atención será como máximo de dúas horas diarias, e virá determinado pola necesidade que se formule en cada solicitude, segundo o criterio profesional da/o técnica/o responsable do servizo. O tempo de atención poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais e/ou familiares, e polo dispoñibilidade de medios do SAF.*
- 5) *A prestación do SAF queda condicionada á aceptación por parte da/o beneficiaria/o, que se recollerá nun documento compromiso, no que se especifican as condicións de servizo, as obrigas e os motivos de extinción.*
- 6) *No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender todas as demandas susceptibles de recibilo, elaborárase unha lista de espera por orde de puntuación.*
- 7) *En caso de baixa ou vacacións dos/as auxiliares de axuda no fogar, a súa substitución quedará condicionada á dispoñibilidade do servizo.*

#### ARTIGO 8.- OBRIGAS DA USUARIA OU USUARIO

- 1) *O/a usuario/a queda na obriga de comunicar as modificacións que teñan lugar en relación ao dereito a recibir esta prestación, así como calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica e/ou familiar de interese en relación coa axuda recibida.*
- 2) *Non poderán realizar cambios de horario, tarefas etc., sen a autorización da/o responsable.*
- 3) *O trato cara ao persoal do SAF debe ser de respecto e tamén se facilitará a colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.*
- 4) *O/a usuario/a comprométese ademais a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo equipo técnico de servizos sociais da entidade local.*
- 5) *Non requirirá as atencións da auxiliar unha vez rematada a xornada de traballo con cargo ao SAF.*
- 6) *Os contactos co/a auxiliar de axuda no fogar, referidos ao propio servizo, fóra do horario laboral deben realizarse sempre a través do responsable do servizo.*
- 7) *Non facer preguntas ao persoal do SAF sobre datos persoais nin realizar comentarios con terceiras persoas sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.*
- 8) *Se a/o usuaria/o rexeita a auxiliar doméstica que se lle asigne, sen razón suficiente xustificada, pasará á lista de espera até que outro/a auxiliar a/o poda atender.*
- 9) *Comprométense a facilitar todos os materiais necesarios para a realización das tarefas asignadas.*
- 10) *O/a usuario/a debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo.*

#### ARTIGO 9.- DEBERES DO PERSOAL DO SERVIZO

- 1) *O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario ou usuaria e coa súa familia interfira no traballo.*
- 2) *Respectar a intimidade da/o usuaria/o e gardar a debida confidencialidade.*
- 3) *A/o auxiliar non debe facer partícipe ao/á usuario/a e á familia deste/a, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.*
- 4) *Respectarase integramente o horario e as tarefas establecidas e non se poderán realizar cambios sen a previa autorización da/o responsable.*
- 5) *O/a auxiliar doméstico/a non lles debe facer traballos a outros membros da familia distintos das/os beneficiarias/os, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso desde o departamento de servizos sociais.*
- 6) *En caso de ausencia do/a traballador/a deberá comunicalo con antelación, tras a autorización da/o xefa/e de persoal, ao/á usuario/a e ao/á responsable do servizo.*

- 7) *Non se poderá acudir ao lugar de traballo en compañía de persoas alleas ao servizo.*
- 8) *Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin outros obxectos.*
- 9) *Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do/a usuario/a (cartos, regalos, etc.)*
- 10) *Non se disporá das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento da/o responsable técnica/o do servizo e, por suposto, a demanda da/o usuaria/o.*

#### **ARTIGO 10.- SELECCIÓN DE USUARIOS/AS (BAREMACIÓN)**

*Existen dúas posibilidades de acceso, ben a través do baremo para persoas con problemas de autonomía persoal, ou a través do baremo para situacións de desaxustes familiares ou conflitos psicosociais.*

##### **1.- SITUACIÓN CON PROBLEMAS DE AUTONOMÍA PERSOAL**

*I.- Situación de autonomía persoal: (máximo 80 puntos), que valorará a capacidade da persoa para realizar certas actividades indispensables. Puntuaranse os aspectos que se sinalan a continuación da seguinte maneira: si: 0 puntos; con dificultade: 2 puntos e non: 5 puntos.*

- Limpeza da casa*
- Lavar a man, tender e pasarlle o ferro á roupa*
- Facer a compra*
- Cociñar, lavar os pratos*
- Realizar xestións, ir ao centro de saúde, etc.*
- Subir escaleiras*
- Asearse e bañarse*
- Vestirse, espirse*
- Posuír orientación tempo-espacial*
- Manexar interruptores*
- Sentarse, levantarse*
- Andar soa ou só*
- Pode comer soa ou só*
- Permanecer encamado/a*



- *Control de esfínteres*
- *Sen alteracións psíquicas*

*II.- Situación familiar (puntuación máxima 55 puntos)*

*A- Situación de soidade*

- 1.- Ningunha sen posibilidade de axuda (55 puntos)*
- 2.- Os familiares non se ocupan da súa atención (50 puntos)*
- 3.- Ten veciñas/os que a/o atenden en situacións de urxencia (40 puntos)*
- 4.- Ten veciñas/os que a/o atenden de maneira habitual, pero a atención é insuficiente (35 puntos)*
- 5.- Ten posibilidade doutra convivencia fóra do municipio (20 puntos)*
- 6.- Ten posibilidade doutra convivencia dentro do mesmo municipio (10 puntos)*

*B- Convivencia*

- 1.- Os/as familiares que a atenden non posúen capacidade persoal suficiente para atendelo/a (35 puntos)*
- 2.- Os/as familiares que o/a atenden carecen de capacidade para organizarse (30 puntos)*
- 3.- Os/as familiares que o/a atenden non dispoñen de tempo suficiente para a súa atención (25 puntos)*
- 4.- Incompatibilidade horaria para ser atendida/o polas/os familiares (20 puntos)*
- 5.- A familia dedica moito tempo á atención e carece de tempo de lecer (15 puntos)*

*C- Convivencia con outras persoas*

- 1.- As persoas que o/a atenden non posúen capacidade persoal suficiente para atendela/o (40 puntos)*
- 2.- As persoas que o/a atenden carecen de capacidade para organizarse (35 puntos)*
- 3.- As persoas que o/a atenden non dispoñen de tempo suficiente para a súa atención (30 puntos)*
- 4.- Incompatibilidade horaria para ser atendida/o polas persoas coas que convive (25 puntos)*
- 5.- As persoas coas que convive dedícanlle moito tempo á atención e carecen de tempo de lecer (20 puntos)*

*D- Relación coas persoas que lle prestan ou poden prestar axuda*

- 1.- Problemas leves de carácter transitorio (1 punto)*
- 2.- Problemas leves permanentes (2 puntos)*
- 3.- Problemas graves na relación (4 puntos)*
- 4.- Altercados violentos (5 puntos)*

*III.- Situación social: valorarase o equipamento da vivenda e o seu contorno (máximo 12 puntos)*

*A- Vivenda. Sumarase un punto por cada ítem:*

- 1.- Non ten luz eléctrica*
- 2.- Non ten auga corrente*
- 3.- Non posúe WC*
- 4.- Non posúe cuarto de baño completo*
- 5.- Non ten neveira*
- 6.- Non ten quentador*
- 7.- Non ten lavadora*
- 8.- Estrutura en moi mal estado*
- 9.- Non reúne as condicións mínimas de limpeza*
- 10.- Posúe barreiras arquitectónicas*
- 11.- A superficie útil da vivenda é insuficiente (aproximadamente 15 m<sup>2</sup> por persoa)*
- 12.- Ten a vivenda illada do núcleo onde se localizan os servizos (sanitarios, escolares, etc.)*

*B- Contorno:*

- 1.- Solicitou un internamento (1 punto)*
- 2.- Debe ingresar nun centro pero non quere ir (2 puntos)*
- 3.- Non ten posibilidade de ingreso pero necesítalo (3 puntos)*

IV.- *Situación económica. Renda = total ingresos - alugueiro de vivenda até un máximo do 40% do SMI (máximo 30 puntos). Considéranse os ingresos económicos de toda a unidade de convivencia, tendo en conta os seguintes aspectos:*

a) *Ingresos por salario, pensións, prestación do INEM, etc.*

b) *Xuros bancarios*

c) *O resultado de capitalizar, ao tipo do 5%, o capital mobiliario do que sexa titular consonte á súa declaración de renda persoal.*

d) *Ingresos en metálico por calquera outro concepto (rendas de alugueiros, etc.)*

e) *Aqueles bens mobles e inmobles sobre os que se posúa calquera clase de dereito, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes (aplicables ao 2% do valor catastral). Exceptúase a vivenda habitual da unidade familiar, entendéndose coma tal aquela na que figure o seu empadramento.*

*Coa suma de todos os ingresos farase unha media mensual e coa aplicación da seguinte táboa, obterase a puntuación deste apartado.*

<b>TÁBOA PARA BAREMAR A SITUACIÓN ECONÓMICA</b>					
<b>Número de Membros</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<i>Ingresos inferiores ao 60% do SMI</i>	25	29	30	30	30
<i>Ingresos entre o 60 e 70% do SMI</i>	23	26	28	29	30
<i>Ingresos entre o 70 e 80% do SMI</i>	19	23	25	27	28
<i>Ingresos entre o 80 e 90% do SMI</i>	16	20	23	25	26
<i>Ingresos entre o 90 e 100% do SMI</i>	13	17	21	22	24
<i>Ingresos entre o 100 e 110% do SMI</i>	10	14	18	20	22
<i>Ingresos entre o 110 e 120% do SMI</i>	6	11	15	18	20
<i>Ingresos entre o 120 e 130% do SMI</i>	3	9	13	16	18
<i>Ingresos entre o 130 e 140% do SMI</i>	-	6	10	13	16
<i>Ingresos entre o 140 e 150% do SMI</i>	-	3	8	11	14
<i>Ingresos entre o 150 e 160% do SMI</i>	-	-	5	9	12
<i>Ingresos entre o 160 e 170% do SMI</i>	-	-	2	7	10
<i>Ingresos entre o 170 e 180% do SMI</i>	-	-	-	4	8
<i>Ingresos entre o 180 e 190% do SMI</i>	-	-	-	2	6
<i>Ingresos entre o 190 e 200% do SMI</i>	-	-	-	-	4
<i>Ingresos entre o 200 e 210% do SMI</i>	-	-	-	-	2
<i>Ingresos superiores o 210% do SMI</i>	-	-	-	-	-

V.- *Valoración técnica: sobre a convivencia e/ou necesidade do servizo*

## 2.- SITUACIÓN DE DESAXUSTE FAMILIAR OU CONFLITO PSICOSOCIAL

### I.- Situación familiar: (puntuación máxima 85 puntos)

#### A- Familias con menores a cargo:

- 1.- Familia con máis dun membro xerador de conflito (85 puntos)
- 2.- Familia cun membro xerador de conflito (80 puntos)
- 3.- Familia na que ambas/os as/os proxenitoras/es ou titoras/es teñan importantes limitacións intelectuais que impiden a atención adecuada das/os menores (75 puntos)
- 4.- Familia monoparental que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, etc.) non poden atender ás/aos menores (70 puntos)
- 5.- Familia que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, etc.) non pode atender ás/aos menores (65 puntos)
- 6.- Familia con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, de aseo persoal, mala distribución de presuposto, mala organización, ausencia de roles, etc.) (60 puntos)

#### B- Número de menores:

- 1.- Un/unha menor (1 punto)
- 2.- Dous/dúas menores (2 puntos)
- 3.- Tres menores (3 puntos)
- 4.- Catro menores (4 puntos)
- 5.- Cinco menores (5 puntos)

#### C- Familias sen menores a cargo:

- 1.- Familias con máis dun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanías, enfermidades mentais, etc.) (60 puntos)
- 2.- Familias cun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanías, enfermidades mentais, etc.) (55 puntos)
- 3.- Persoas carentes da formación necesaria para o axeitado desempeño das actividades cotiás básicas (50 puntos)

### II.- Situación social: (puntuación máxima 36 puntos)

#### A- Vivenda. Sumarase tres puntos por cada ítem.

- 1.- Non ten luz eléctrica
- 2.- Non ten auga corrente

- 3.- *Non posúe WC*
- 4.- *Non posúe cuarto de baño completo*
- 5.- *Non ten neveira*
- 6.- *Non ten quentador*
- 7.- *Non ten lavadora*
- 8.- *Estrutura en moi mal estado*
- 9.- *Non reúne as condicións mínimas de limpeza*
- 10.- *Posúe barreiras arquitectónicas*
- 11.- *A superficie útil da vivenda é insuficiente (aproximadamente 15 m<sup>2</sup> por persoa)*
- 12.- *Ten a vivenda illada do núcleo onde se sitúan os servizos (sanitarios, escolares, etc.)*

*B- Contorno:*

- 1.- *Malas relacións veciñais (7 puntos)*
- 2.- *Relacións conflitivas ou nulas coas institucións (7 puntos)*
- 3.- *Situación de illamento (19 puntos)*

*III.- Situación económica (máximo 30 puntos). O mesmo baremo para a situación con problemas de autonomía persoal.*

*IV.- Valoración técnica: sobre a convivencia e/ou necesidade do servizo.*

**ARTIGO 11.- PERSOAL**

*Será o que se dispón para tales efectos nos art. 5 e 6 da Orde da Consellaría de Sanidade do 22 de xullo de 1996.*

**ARTIGO 12.- MODIFICACIÓN DA PRESTACIÓN**

*O tempo de atención aos/ás beneficiarios/as poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares e pola dispoñibilidade de medios do propio SAF. A proposta de modificación realizarase tras un estudo e análise da situación por parte da/o técnica/o responsable do servizo.*

### ARTIGO 13.- SUSPENSIÓN PROVISIONAL

1.- *Suspenderase o servizo se a/o usuaria/o permanece ausente do domicilio por vacacións, viaxes, participación en programas de termalismo social, internamento en centros sanitarios, etc., por un tempo inferior a tres meses.*

2.- *Cando por necesidades do servizo fose necesario ampliar o número de usuarias/os e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria, económica da/o beneficiaria/o.*

3.- *Tamén se algún familiar asume temporalmente a atención da/o usuaria/o, período de vacacións, estancias temporais, etc., sempre e cando non supere os tres meses.*

### ARTIGO 14.- CONCESIÓN PROVISIONAL

*De darse algún dos supostos anteriormente mencionados e se houberse algunha persoa en lista de espera, poderáselle conceder o servizo eventualmente mentres haxa vacante, despois da aceptación desta provisionalidade por parte da/o posible beneficiaria/o.*

*Tamén poderá concederse provisionalmente o SAF en situacións excepcionais consideradas graves, neste caso determinarase claramente a súa duración.*

### ARTIGO 15.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

- *Renuncia da/o usuaria/o*

- *Baixa no padrón de habitantes*

- *Ingreso con carácter definitivo en centro residencial*

- *Traslado definitivo da súa residencia a outro concello*

- *Falecemento da/o usuaria/o*

- *Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como trato inadecuado da/o usuaria/o á/ao auxiliar, falta de colaboración da/o usuaria/o no desenvolvemento do servizo, que imponha tarefas á/ao auxiliar que non lle corresponden ou similares.*

- *Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo*

- *Se a familia utiliza o servizo para fins diferentes aos propios da axuda no fogar*

- *Se a familia ou a/o usuaria/o ocultan datos económicos ou doutra índole para acceder ao servizo*

- *Que alguén asuma totalmente a atención da/o beneficiaria/o*

- *Cando o Concello deixe de prestar o servizo, ben por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social*

- *Servizo suxeito a subvención que, en caso de non ser recoñecida, poderá carretar a súa suspensión.*

#### ARTIGO 16.- FINACIAMENTO

*O servizo de axuda no fogar financiarase coas subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Rodeiro, así como polas achegas que as/os usuarias/os suxeitas/os segundo as tarifas aboan para a sustentación do servizo.*

#### ARTIGO 17.- PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

*O servizo de axuda no fogar (SAF), estará en funcionamento ao longo de todo o ano.*

### TÍTULO II

#### PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO

#### ARTIGO 18.- FUNDAMENTO

*De conformidade co previsto nos artigos 2.1 e) e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece os prezos públicos pola utilización do Servizo de Axuda no Fogar, que se regulará polo disposto nos artigos 41 a 47 da devandita Lei, pola Lei 8/1989 de taxas e prezos públicos e polo disposto na presente Ordenanza.*

#### ARTIGO 19.- FEITO IMPOÑIBLE

*Esíxense os prezos públicos pola utilización do Servizo de Axuda no Fogar municipal, consistente en calquera das prestacións que se engloben no artigo 2 da presente Ordenanza, e detállanse no artigo 4, sempre que se poidan enmarcar nas finalidades e obxectivos do Servizo recollidas no artigo 3.*

#### ARTIGO 20.- SUXEITOS PASIVOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO

*Estarán obrigadas ao pagamento destes prezos as persoas que se beneficien das prestacións sinaladas no artigo anterior.*

#### ARTIGO 21.- RETRIBUCIÓN E INGRESO

*1.- A obriga de pagamento dos prezos públicos comeza desde que se inicie a prestación do Servizo. O número de horas máximo de prestación diaria do servizo será de dúas horas, e o mínimo dunha hora, podendo engadírselle a esta unha fracción de 30 minutos.*

*2.- A retribución dos prezos será instantánea, pero as liquidacións practícaranse por trimestres*

naturais, e deberán ser aboadas polas/os usuarias/os nos primeiros 10 días hábiles do trimestre seguinte, mediante cargo na conta corrente que a/o solicitante do Servizo indicará no modelo oficial de solicitude, ou ingreso na conta corrente que o Concello sinale no momento de subscribir o contrato de prestación do Servizo. A falta de pagamento dos servizos prestados dentro dos prazos suporá a imposibilidade de contratar o servizo en tanto non se teñan aboado as débedas pendentes. A falta de pagamento dos prezos suporá a esixibilidade destas en vía de constrinximento.

3.- Os/as usuarios/as estarán suxeitos/as ás seguintes tarifas, en función das súas posibilidades económicas:

Tarifa Nº membros	Exento (0 €/h)	20% (1,85 €/h)	40% (3,70 €/h)	60% (5,55 €/h)	80% (7,40 €/h)	100% (9,25€/h)
1	<130% S.M.I.	≥ 130-150 % S.M.I.	≥ 150-170 % S.M.I.	≥ 170-190 % S.M.I.	≥ 190-210 % S.M.I.	≥ 210 % S.M.I.
2	<180% S.M.I.	≥ 180-200 % S.M.I.	≥ 200-220 % S.M.I.	≥ 220-240 % S.M.I.	≥ 240-260 % S.M.I.	≥ 260 % S.M.I.
3	<200% S.M.I.	≥ 200-220 % S.M.I.	≥ 220-240 % S.M.I.	≥ 240-260 % S.M.I.	≥ 260-280 % S.M.I.	≥ 280 % S.M.I.
4 ou máis	<220% S.M.I.	≥ 220-250% S.M.I.	≥ 250-270 % S.M.I.	≥ 270-290 % S.M.I.	≥ 290-310 % S.M.I.	≥ 310 % S.M.I.

O SMI é o salario mínimo interprofesional vixente a día primeiro de xaneiro de cada ano. Se se producisen alteracións na súa contía ao longo do ano, non se tomará en conta até as retribucións que se produzan no exercicio seguinte.

O número de membros refírese á unidade familiar de convivencia.

A renda dispoñible calcularase en función do disposto no artigo 10.1. IV da presente Ordenanza.

4.- As tarifas antes indicadas poderán ser modificadas tan só no referido ao seu importe ou distribución tarifaria, por acordo da Xunta de Goberno Local, que producirá efecto desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como a renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas.



*DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

*A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos quince días desde a publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.*

*As posibles modificacións que nas tarifas se operen en virtude da delegación na Xunta de Goberno Local entrarán en vigor ao día seguinte ao da publicación do acordo de modificación no Boletín Oficial da Provincia.*

*Rodeiro, 18 de xaneiro de 2007*

*O alcalde,*

*O secretario,*

*Asdo.: Manuel N. Salgado González*

*Asdo.: José M<sup>a</sup> Novo Ramos*

ANEXO I

**INFORME MÉDICO**

Recoñecemento efectuado ó solicitante do Servicio de Axuda no fogar  
D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_.

Polo doutor D. \_\_\_\_\_.  
Colexiado n<sup>o</sup>.: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.  
Médico de \_\_\_\_\_.

Data \_\_\_\_\_

(Marcar cunha X o que proceda)

A- Padece enfermidade infecto-contaxiosa.	SI	NON
B- Encóntrase inmovilizado na cama, necesitando coidados de maneira permanente.		
C- Presenta enfermidade dexenerativa grave que pode producir alteracións na convivencia.		

1.- SITUACIÓN FÍSICA

CONTINENCIA		
VESICAL	<b>Continente:</b> control total.	
	<b>Frecuentemente incontinente:</b> tende a ser incontinente diariamente pero existe algún control (por ex. Durante o día).	
	<b>Incontinente:</b> múltiples episodios diarios.	
INTESTINAL	<b>Continente:</b> control total.	
	<b>Frecuentemente Incontinente:</b> episodio de incontinencia 2 ou 3 veces por semana.	
	<b>Incontinente:</b> todo ou case todo o tempo.	

CAPACIDADE FUNCIONAL		
PREPARA -LA COMIDA	(Planificación do menú, cociñar, poñe-la mesa).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
AMAÑA-LA CASA	Como realiza-las tarefas domésticas ordinarias: face-la cama, limpia-lo po, ordena-la casa, lava- la roupa.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
MANEXO DO DINEIRO	Como paga-las facturas, leva-las contas, valora- los gastos da casa.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
TOMA DE MEDICAM ENTO	Como controla-la medicación (recordar tomala, abri-los frascos, toma-la dose correcta).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
USA-LO TELEFONO	Como se realizan e reciben chamadas (incluidas axudas técnicas como números grandes no teléfono, amplificadores de voz).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
FACE-LAS COMPRAS	Como se fai a compra de alimentos e produtos para o fogar (selecciona-lo que se vai comprar, manexa- lo diñeiro).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
TRANSPORTE	Como o usuario usa algún vehículo (vai a sitios onde non pode chegar andando, transporte público ou individual).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependente.</b>	
MOVILIDADE NA CAMA	Móvese desde/cara á posición de tombado, dá a volta dun lado ó outro e cambia de posición na cama.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
	<b>Dependencia total.</b>	

TRANSFERENCIAS	Móvese entre superficies cara a/desde: cama, cadeira, cadeira de rodas, posición de pé (excluído ir de/ó baño WC).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
DEAMBULACIÓN	Móvese entre o seu cuarto e o comedor contiguo do seu mesmo piso. Se usa cadeira de rodas, é <b>independente</b> unha vez sentado.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
VESTIRSE	Inclúe prepara-la roupa, sacánda do armario, poñela, quitala, vestirse, abrocharse, quitar toda a roupa de saír a rúa, incluíndo quitar ou poñer próteses.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
COMER	Inclúe comer con calquera método, incluso sonda nasogástrica.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
USA-LO ASEO	Comprende o uso do aseo (ouriñal de asento, cuña, etc.). Cómo se levanta e se senta, cómo se lava despois, se cambia os absorbentes, ou manexa a sonda ou a ostomia e axusta a roupa.	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
HIXIENE PERSONAL	Mantén a propia hixiene, incluíndo peitearse, cepilla-los dentes, afeitarse, maquillarse, lavar e seca-la cara, as mans e o periné (excluíndo baños e duchas).	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
BAÑARSE	Cómo toma o usuario a ducha ou o baño e se move dentro/fora da bañeira/ducha (exclúe lava-la cabeza e as costas). Rexístrase da forma seguinte:	
	<b>Independente.</b>	
	<b>Necesita axuda.</b>	
SUBI-LAS ESCALERAS	Sobe e baixa sen axuda.	
	Sobe e baixa con axuda.	
	Incapaz de facelo.	
RISCO DE CAÍDAS	Ningún.	
	Camiña dunha forma inestable.	
	Limita saír fóra da casa por medo a caer.	

## 2.- SITUACIÓN PSÍQUICA.

(Marcar cunha X)

	Ningunha	Leve	Importante	Total
Desorientación témporo-espacial				
Alteracións de percepción				
Descontrol emocional				
Trastornos da memoria				

CAPACIDADE PARA TOMA DE DECISIONS	<b>Independente:</b> decisións razoables/consecuentes	
	<b>Moderadamente alterada:</b> decisións pobres, requírese supervisión ou estímulos.	
	<b>Gravemente alterada:</b> nunca, raramente toma decisións.	
COMPORTAMENTO PROBLEMÁTICO	<b>Deambulador:</b> moveuse sen propósito racional identificado, parece alleo as súas necesidades ou á súa seguridade.	
	<b>Verbalmente agresivo:</b> ameazou, berrou, insultou a outros.	
	<b>Fisicamente agresivo:</b> pegou, empuxou, rabuñou a outros.	
	<b>Comportamento social inadecuado:</b> emitiu sons incoherentes, berrou, autolesionouse, realizou actos obscenos, lanza comida ou heces.	
	<b>Resistencia ante os coidados:</b> negouse a tomar a medicación, a que lle poñan inxeccións, a recibirlos coidados básicos diarios.	

## 3.- SITUACIÓN SENSORIAL

(Con aparellos se os utiliza)	<b>Oe adecuadamente:</b> conversación normal, TV, teléfono.	
	<b>Dificultade:</b> a persoa que lle fala ten que axustalo ton de voz e falar claro.	
	<b>Audición moi diminuída</b> ou ausencia total de audición.	
CAPACIDADE PARA FACERSE ENTENDER	<b>Enténdeselle.</b>	
	<b>Normalmente enténdeselle:</b> a súa capacidade está limitada a peticións moi concretas.	
	<b>Raramente ou nunca se lles entende.</b>	
VISION (con gafas se utiliza)	<b>Adecuada:</b> ve detalles finos, incluíndo impresión normal de libros e xornais.	
	<b>Deficiente:</b> incapaz de verlos titulares dos xornais, parece seguirlos obxectos cos ollos.	
	<b>Deficiencia severa:</b> non ve ou parece que só distingue luz, cores ou siluetas.	

**XUÍZO DIAGNÓSTICO.** (Reflexarase a causa médica que provocou a incapacidade física e/ou psíquica sinalada. Especificarase tratamento



SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR

D/Dona \_\_\_\_\_

Con DNI nº \_\_\_\_\_ e enderezo de notificación \_\_\_\_\_ En  
representación de \_\_\_\_\_ Con DNI nº \_\_\_\_\_ Teléfono:  
\_\_\_\_\_ e enderezo \_\_\_\_\_

Referencia con Exp.: \_\_\_\_\_

Rexistro ante: \_\_\_\_\_

EXPÓN:

POLO QUE SOLICITA:

Do Concello de Rodeiro, a prestación do Servicio de Axuda no Fogar

Rodeiro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE RODEIRO.